

z o o m m m  
t e x t o s b i ó n i c o s



E s t i b a l i z . . . E s p i n o s a

**Zoommm. Textos biónicos**  
poemas entre 2001/2007  
**Estíbaliz... Espinosa Río**



Fotografía da capa: cortesía de **Elba Fernández "Pequena Suricata"**  
[www.pequenasuricata.com](http://www.pequenasuricata.com)

Deseño da capa: Estíbaliz...Espinosa

*para o meu Y.*

## ÍNDICE

### POSTA EN ANTECEDENTES E LIMIAR SUBLIMINAL 5-6

#### PARTE PRIMEIRA: COMO CREAR UNHA PEQUENA VIDA EN X SINXELOS PASOS

8

- 1.- cryo-hibernación
- 2.- echographia
- 3.- hermafrodita
- 4.- mutación
- 5.- criatura
- 6.- can lobo

#### PARTE SEGUNDA: HALO

19

- 7.- suspense
- 8.- photoshop
- 9.- wh questions
- 10.- zoom/zoom x2
- 11.- plató
- 12.- palestino
- 13.- quería respiración
- 14.- ti

#### PARTE TERCEIRA: 01010101111000

30

- 15.- Lista de fórmulas matemáticas nas que cyborgs, híbridos ou sereas pensan cando namoran dun mortal
- 16.- lista de datos observábeis: humanos
- 17.- bazar de cousas humanas doces ou adictivas coma o lendario *sukkar*
- 18.- lista de cousas que me prometín facer
- 19.- bazar de obxectos terrestres

#### PARTE CUARTA: [...]

42

- 20.- Mercurio: mercurio
- 21.- Hermes 1: síndrome
- 22.- Hermes 2: walkie tokio
- 23.- Afro(dita): cogno
- 24.- Nibiru 1: guións
- 25: Nibiru2: O espello de Venus

#### PARTE QUINTA: CÓMO ANUNCIARSE NESTAS PÁXINAS 53

- 26.- bazar
- 27.- nintendo
- 28.- neanderthal
- 29.- renfe
- 30.- o meu inédito preferido
- 31.- louise
- 32.- di
- 33.- posteridade

#### UNHA DEDICATORIA FINAL

64

O que van ler de seguido  
[seica o que non van ler]  
cristalizou nunhas mans coa sospeitosa forma dunha nebulosa de textos  
híbridos, ramificados en feras,  
en pezas de titanio luminoso  
onde a poesía fica reducida a un óso pelado coma o cranio dun convicto  
con retranca  
e todo o que de absurdo e solemne ten esa palabra,  
todo o que esa palabra [poesía] levanta ao seu redor  
meteoriza nun resplandor radiactivo  
un halo  
e no centro  
-recén nacida da biónica que persegue as orixes, as circunstancias, as  
*formas* da vida-  
a muller.

Que muller? Calquera. Todas as calqueras do universo, hipnotizadas.  
Autómatas. Criaturas eternamente distantes, mecánicas, zelestes.

ññññññññ

A porta ábrese. Un rectángulo branco nuclear sobre un fondo negro abismo. Escoitamos o ruído dos pasos, pero non hai figura. Escoitamos a voz, mais non nos preguntamos como.

*Hai moito, moito tempo, deus [cal deus?] un deus colleu barro e fixo xente. Cun sopro, animouna á vida. Hai moito, moito tempo, un xudeu de Praga artellou un home e na fronte escribiulle Emet, auténtico. Era un golem, materia en bruto. Para matalo bastaba con borrar a inicial E e así obter a verba Met, morte. Hai moito, moito tempo, Olimpia. Hai moito tempo, Hadaly, en persa a ideal. María, a de Metrópolis. Os autómatas que xogan ao xadrez. E a Criatura, galvanizada polo doutor Frankenstein e dotada da inocencia tortuosa dunha nena que arrebola flores no río...*

*Hal-9000. O nexus 6, Roy. As 3 leis da robótica. A biomecánica. Pinocchio. Terminator.*

*Nos límites en miniatura do vidro dunha probeta (haberá moito, moito tempo dentro de moito, moito tempo) os científicos imitaron as condicións de vida primixenia.*

*Estamos a un paso da imitation of life.*

*(sempre quixemos imitar a vida. A mímese da natureza. Facer contigo o que a primavera fai coas cerdeiras. Facer un poema como a natureza fai unha árbore. Perspectivismo. Os trompe l'oeil. Arquitectura orgánica. Secuencia do xenoma. Telerrealidade. Dogma. Neorrealismo. Hiperrealismo.3D. Cinema.*

*Sempre quixemos sintetizar entre as nosas mans esa alquimia poderosa, insidiosa, electrizante. A que dicta o noso desexo, a nosa pertenza. A capacidade fabulosa de fotocopiarnos)*

*Estamos a un paso de fotocopiar a vida.*

*Estas páxinas son o torpe intento de crear un pequeno ser, unha criatura biónica de secuencias lingüísticas, neste modo de expresión que, seica, algún día considerarase unha antigüidade de museo. Nunca debemos crernos mellores aos que nos predeciron. Tampouco aos que nos proseguirán.*

*O que coñecemos, tal e como o coñecemos, non incorrirá na pedantería de ser eterno. Ti e mais eu, hoxe tan ti i eu, seremos anónimos. Eu xa son practicamente Anónima (esa muller que asina moitos menos escritos que o seu compañeiro Anónimo).*

*A ambición de fabricar Vida, de imitar os seus mecanismos, átanos a esta terra. Engaiólanos. Así diluímos as delicadas fronteiras entre natural e artificial. A nosa natureza é ser artificiais coma unha medusa, unha estrela ou un cyborg. Non foron creados por intelixencia superior ningunha. Só polas ganas de seren vida.*

*A nosa secuencia vital leva inscritas as ganas de reproducir esa vida. Pirateala.*

*Uns fabrican ficcións.*

*Outros, entes biónicos.*

*Humildemente, a Anónima ofrece esta criatura.*

# cómo crear unha pequena vida en x sinxelos pasos



## CRYO-HIBERNACIÓN

*A Irving*

Ficarás dentro de min. Ti. Nesta páxina escrita coa soa intención de alcanzarte son

unha frecha que procura unha mazá cuxa árbore planta agora unha anciá nunha illa eolia son

somentes estas letras, somentes estas letras e non vivirei para sempre quizais ti

unha xoven fermosa i eu unha pequena Safo amamanto con zafiros a posibilidade do teu rostro grego i é

a curva dos teus ollos de androide a que pousa con dozura sobre esta liña e pensa *eu*

*aprendereina de memoria*, eu "pousa con dozura sobre esta liña e pensa eu"

que estou dentro de ti. O ovo dentro do ovo. A serpe disposta a devorarse. A cerdeira que pare un espiño. A

innegábel beleza de que no teu mundo xa non exista todo o que foi o meu mundo, nin esta páxina nin

o home que falaba dos meus peitos coma de *nenas inocentes*, nin o gato que criei, nin a cortesá Murasaki, cuxo nome significa *púrpura*, nin a súa illa, nin un fetiche obsceno que gardei sempre, nin as miñas bonecas, nin o mar no que buceei a noite en Castelldefels, nin

quizais existan xa a palabra *lazaward* nin a palabra *azul*. Nin os humanos, que eu crin innegábeis

Quizais non esteas lendo isto. Ti. Xoven fermoso coma monstro que a miña imaxinación lambe

E mires o mar coma se fose a primeira vez. Sen Ulises, sen Safo,  
sen o alfabeto ou o comercio

Coma se fose a primeira vez i esta páxina nunca tivese existido...

## ECHOGRAPHIA

*A Emilia*

A persoa que escribe isto vese a si mesma.

Dende arriba.

Un *zoom* cenital.

Camiña por unha cidade. Conduce un coche.

Pelo. Unllas.

Sen carne.

Esqueleto.

A súa calivera acusa máis aínda os pómulos de actriz.

Leva un esqueleto máis pequeno pendurado do abdome.

Tampouco ten abdome.

Flota.

Non é fermosa nin fea. Podemos dicir, entón, que é fermosísima.

O esqueleto pequeno vai arrolado sobre si mesmo.

*Ecografía* significa a *escrita do eco*.

O esqueleto pequeno é un eco do grande. O grande é un eco dos demais. Da especie toda.

De eco en eco, coma unha sucesión de caixas chinas.

Matrioshkas sorrintes que abren a súa madeira pintada.

Para que?

A muller esqueleto condúcese polo mundo anonimamente.

Vémola dende arriba. Vémola dende abaixo.

Podemos case tocala.

Coma nun xogo virtual, podemos indicarlle o camiño.

A ela.

Co seu pequeno esqueleto, que algún día lembrará a música que ela canta. Pero non este verso.

Indicarlles o camiño: *á posteridade, por aquí*.

A posteridade non existe. Os esqueletos camiñan xuntos.

Van como dentro dun calcapapeis de vidro, protexidos do mundo.  
O esqueleto pequeno copia sen descanso  
as pezas diminutas dos esqueletos grandes: carpio, metacarpio, nó  
de neuronas, lóbulo frontal...

Ambos son o Eco dun Narciso que se mirou na charca hai miles de  
anos.  
A Ecografía dun ser inconcluso, preocupado polo descolgamento da  
pel  
e o que sucede tras o que non sucede.

O esqueleto pequeno é unha metáfora en si mesmo. Qué duro é  
ser metáfora. Que lle pregunten a Jim Morrison ou a Lao Tsé.  
Pero leva esa carga mecéndose apacibelmente. A viva imaxe das  
gañas de ser vida.  
Dálle igual o amor, ser froito dun desliz ou dunha probeta.  
O esqueleto pequeno empurra por este verso arriba ensaiando  
unha canle de parto.

Vémolos dende arriba. Vémolos dende abaixo.

Todo remata nun punto moi pequeniño, un embigo, un microbio,  
unha Terra en miniatura.  
Imos saíndo dela nun zoom vertixinoso.

Todo remata nun punto moi pequeniño.

Pero cando se está á espera de algo  
en tres puntos  
pequeniños...

*embarazada de varios meses, 2006*

## HERMAFRODITA

Hermética.  
Pechada?  
Afrodita.  
Aberta?

Cóncava ou convexa?

Para vós, humanos, ela é cóncava aquí fóra.  
Para el, humanoide, ela é convexa aquí dentro.

Mirádela pola rúa. Chama a atención de nenos, vellos e perturbados sexuais.  
É poderosa e rotundamente vulnerábel.  
Se houberse que correr para se protexer dun cataclismo, correría abrazándose.  
Se faltase o alimento, ela enfermaría antes.  
É a primeira heroína da humanidade, a que non voa nin aterra ben. A todo o contrario de invisíbel.

A que pode ser muller e home a un tempo. Fluídos que soben ou baixan, que saben comunicarse sen tocarse.

A arquitectura que o século XX intenta imitar baixo o nome de *orgánica*.

O leite que nos laboratorios sintetizan sen éxito.

Tocoulle ser todo agora. Pronto será nada.

Tuse. Canturrea. A parte hermética pon o oído, perplexa.

Escoita a túa respiración. E cómo  
-con lentitude de galaxia-  
saes  
deste verso.  
Pasas  
unha páxina

*embarazada de varios meses, 2006*

## MUTACIÓN

*para Guillermo. Aprendéndome a ler*

Segues cos teus ollos este verso do que encaprichei para empezar.  
O seu título condénao á existencia. Folla de xornal. Tinta. Os vellos  
opiáceos.

*Estamos sós os dous.*

*Como es?*

Sei demasiado de min. Criatura con implantes de memoria que  
tecolea nunha peza con persianas e un espello. Dixéronme que son  
eu. Non me permitiron dubidalo...

*Pero, ti? Humano, sen dúbida.*

O teu rostro muta ante min: leva gafas...trenzas...un lunar na  
meixela...labios pintados vermello China...unha placa de  
titanio...acaba de se barbear...unha cicatriz...acaríciase...sente  
algo. Non sorrí...

Non estamos programados para isto. Ti es híbrido, informe.  
Dalgún modo, tamén o son. Estírome dentro deste verso,  
intentando darche alcance. Es a miña especie. Lucy, a  
australopithecó. Es todos os trazos dun rostro. Pertenzo a un reino  
binario e ti es a vida que foxe  
que foxe e transmuta  
coas súas trenzas  
cos seus beizos magoando os meus  
seus lunares  
as súas zapatillas de bailarina  
ou de Puma  
correndo, correndo cara a vida que se propaga agora que son unha  
morna morea de letras  
e o teu ollo escanea un mundo que xa non é meu

*publicado no suplemento Babelia, 24 decembro, 2005*

amou  
na súa vida  
de

## **CRIATURA**

coma unha nena

encaprichada en pacer pracer deste lado do universo  
obstinada en beber

*[a biónica é a rama da tecnoloxía consistente na análise do funcionamento real dos sistemas vivos para imitalos en aparellos]*

lembrou  
na súa vida de criatura destinada ao Alzheimer  
como só os infelices lembran. Con tal luxo de detalles

*[nos estados do autómatas plásmanse as influencias que sobre el se exerceron con anterioridade e iso constitúe a súa «memoria»]*

escribiu canto agora les. Cos seus circuítos en pleno apoxeo  
escolleu esta oración, de entre todas as posibeis da humanidade,  
para ti:

*estás dentro do meu texto, pero non dentro da miña vida*

e logo apartou a vista desta escrita  
o sol arrastraba para fotosintetizarse sensualmente en primavera

e na súa cabeza de criatura  
burbullaba algo que non callou neste texto  
pero si, quizais, aí fóra

aí fóra  
nese mundo que ti habitas  
nese mundo, dese lado

por riba destas letras  
por baixo destas letras  
aí



Sodes moitos a crear sobre esta Terra. Os humanos sodes moitos para case calquera cousa. Pero só un para eles. Para os cans. Para eles só existe un home. Unha muller. Son o único público que aplaude sempre as nosas monerías.

Non sempre foron tal.

*Aos que se negaron*

## **CAN LOBO**

Hai algo invencíbel e arquexante nesta páxina que comeza

*14 mil anos separan ao lobo dos cans rueiros actuais*

Unha sima de células separa a este ser dende o que penso dese ser que corre polos lameiros  
Exhala un bafo que esta páxina non rexistra  
O seu frío xéstase dende remotas mandas  
Corre só

Hai tempo que sabe que deixou aos seus

Procura

*...Cynópolis, a cidade do can en honor ao deus Anubis...*

Hai algo que lle impide volver a ser o que foi  
esgazar a miña man que fala do seu pelo  
correr ourizado polos penedos de América  
durmir nas cavernas, dar medo aos meus

Procura

Baixo unha lúa semellante a unha páxina detén, interrogante  
Noutrora oulearía

Aló lonxe  
o fume dun campamento indícalle ónde pasar a noite  
e con quen

A figura dun home crava na súa memoria xenética  
durante quince mil anos

Esquecerá o seu nome  
o seu frío  
cómo cazar

Nos contos medievais asediará aos seus, aínda salvaxes  
camiñará onda un deus, será el mesmo un deus

Polas noites encherá a civilización de instinto perdido  
monstruoso  
deforme

Algún día, sen saber por que, trabará nesta man que lle escribe  
Que nunca lle deu de comer

halo

## SUSPENSE

*non sigas lendo. isto é unha trampa.*  
non vou dicirche que faría canto quixeras

*e estamos incriminados nela, ti e máis eu*  
non vou dicirche que quizais non

*e debes seguirme punto por punto ata o final*  
non vou dicirche que enterrei todas as palabras

*estás atrapado agora, e a vida váiselle a este poema*  
*poderás empezalo unha e mil veces e unha e mil veces acabará da*  
*mesma forma*  
*estamos só os dous e ti fásme sentir que todo isto é certo*

pero se non é certo, por qué segues aquí  
por qué segues  
a piques de caer nesta trampa indivisa  
na vida que se lle vai a este poema, secamente

*faría canto quixeras*  
*quizais non*  
*enterrei todas as palabras*

quédanme estas para che dicir que quero  
aprender  
o teu rostro  
de memoria

## PHOTOSHOP

*(homenaxe a Inés de Castro)*

e de repente, créote

Por detrás desta pantalla de linguaxe simple, parpadexas  
*plano inclinado á esquerda, rotación*

E tan fermosa que eres, Inés, con qué grandes ollos binarios me miras

Que busto perfecto. Unha brisa deliciosa lambe os teus cabelos  
coma unha madame experta en compracerte  
*ángulo contrapicado, 45 graos dende a dereita*

As olleiras familiarízante coa Morte. Fanche esvelta, desgrazada,  
interrogante. Inútil

O teu colo é materia de tronos. Un pulso lánguido sobe rubor ao  
teu rostro de liño

Enfermaches de beleza. Quen te acoitelou sentiu as medidas  
perfectas que mataba  
*degradado de cores: cian, malva, rosado...*

Non te moves. Reinas no submundo e iso  
abonda.

Apenas es unha cabeza. Baixo os ollos e o teu corpo de grisalla  
non ocupa máis que as miñas mans deliñando coordenadas  
*nariz a ollo, 33. Nariz a boca, 15.*

Luz cenital. Cinza e nácar, sorrís. Carbono 14 pra os teus dentes.  
A pel cae feita visillos. Es morbosa, sideral  
augusta  
viva

Hei reprimir as ganas de morder a túa boca que se curva tan  
paseniño  
e seda  
para falarme...:  
*Mátame*

## WH QUESTIONS

Por que, no caso dun incendio, arriscarían para salvaren a caixa de galletas coas fotos dos seres queridos? Por que lles custa pero lles gusta verse a eles mesmos retratados? Que foi das antigas fotos dos mortos? A que mórbido resorte psicolóxico respondían? Por que ás veces aman máis cando se deteñen nunha fotografía precisa ou delicada? Que lles acontece ás fotos cando se botan no río? A que velocidade viaxa a luz capturada nunha fotografía? Viven os retratados? De que modo? I en que lugar?

*A fotografía pode ser clasificada baixo a máis ampla denominación de tratamento de imaxes e, debido a isto, fascinou tanto a científicos como a artistas dende os seus inicios*

Para que acariciar unha fotografía? Cantas memorias hai? A da sucesión dos feitos e a da fotografía que rexistraba a sucesión dos feitos? E a sostida comunmente de como sucederon os feitos?

*A Lomografía aparece por todos os recantos, unicamente agarda ser capturada*

Por que rompen fotografías? Tamén as agochan en escondedoiros... por que? Que desexan exhibir deles mesmos? Por que sorrín nas fotos e din *pataca*? Por que escriben no dorso? E que, que escriben?

Por que desaparecen as fotos? Onde van? Por que amarelean, agretan, presentan signos de Alzheimer? Por que menten?

*O Dereito tamén protexe a privacidade do suxeito fotográfico*

Por que viven máis as fotos que eles mesmos? De que privilexio gozan? Por que queren todos saír na foto? Por que as cobizan, trafican con elas, excítanos, érguenlles un altar?

Talvez porque cren que unha imaxe non pode ser torturada?  
Tal vez porque cren que unha imaxe sálvaos de ser esquecidos?

## ZOOM

Xa estás aquí.

Non podes abandonar agora. Non podes. Has de seguir lendo...

*Crese que a fonte desta calor é a enerxía ceibada pola desintegración do uranio*

Gustaríache saber que este *aquí* non é o teu *aí*. Morro por coñecer o teu rostro. Miraríasme como miraría eu ao *homo* da man en negativo, na Cova do Castillo? Faríalo?

*Unha das mans máis sensitivas do conxunto é unha man esquerda (21 cms); os seus dedos esveltos, de delicada factura, abren sobre a roca coma se estiveran a botar un meigallo. A curva entre o polgar e o índice é moi bela*

Son a autómatas nun filme antigo de cine mudo. Repito sen variacións esta mensaxe dende o 21 de xaneiro do ano 2005. Dentro de 2 liñas confesarei que non creo na memoria. Terán caído entón neves i emperatrices e niágaras e monzóns e cines: cando ti existas e pretendas sabelo todo de min mesma.

I é que confeso que non creo na memoria

## ZOOM x2

Vivín aquí. *Aquí dentro*. Escribía isto mentres a miña medula fabricaba os teus ósos. E o temor ao Alzheimer, a esquecer pirámides e 1001 noites i éxtase e Luces da Cidade...

*City Lights: The melodramatic film, a combination of pathos, slapstick and comedy, was a tribute to the art of body language and pantomime*

Acenar. O silencio conmove con elegancia.  
Se vos dixese que non falo todo o que debería calar.  
Se vos dixese qué vida tan intensa foi a miña. Non sei se o verso que cito de seguido pertéceme ou terano enxertado en min. É necio deixar constancia da intensidade dun mesmo?

*A miña esti de peitos de porcelana, inocentes coma nenas*

O medo fíxonos rexistralo todo. Desculpade.  
O exceso de información é unha páxina da humanidade pacientemente borrada con saliva.  
Esquecereino todo. Esqueceranme  
A memoria camiña entre cans cegos por instinto.

Pero ata o gozoso esquecemento, ti estarás aquí. Presa de min.  
*Aquí*.  
Dentro desta páxina, celuloide ou transparencia. Non nos coñecemos.  
Atoparaste nalgunha estación do ano repetindo este verso que non foi verso.  
Violando con dozura as miñas verbas até sacarlles o gusto do virxe.

Autómata ti nun filme de cine mudo de hai séculos.  
E a túa man en negativo pousará sobre este texto na pel dos meus pezóns  
pretendendo  
calcinar-me  
pretendendo  
ter-me coñecido



## PLATÓ

Aparecerás nesa escena  
Levarás posto o abrigo verde que tan ben che acae  
Nun Ford T, as cellas moi marcadas  
A imaxe algo queimada, é un film de cine mudo  
De fondo, un pano de estrelas a imitar ceo  
El aparecerá de non se sabe  
como debe ser.  
Quizais leve sombreiro, non o vexo claramente  
Quizais iso que cae sexan folerpas, ou flores de amendoeira...  
Se cadra sucias boliñas de algodón que guinda un operario  
Subirá no teu coche, o fondo cambiará a un plano de América  
cunha liña de puntos en vermello  
Moveredes máis lixeiros, dispostos a facer graza  
Isto é unha comedia!, pareceades berrar. Pero somentes soa  
unha *Gnossienne* de Satie. E o proxector  
Moveredes os beizos, riredes  
O coche irá facéndose pequeniño  
en virtude dun truco óptico que, francamente, non lembro  
Alguén dirá *corten*  
Saboreen o pracer de non saber en qué consiste, quen son os  
actores, por que foxen, cómo enguedella o guión, onde vén o  
clímax, se se aman ou se odian...

Sexan por un intre eses anónimos sen pasado nin futuro

## PALESTINO

mércores, 17 de setembro

o sol sae ás 8:21  
nas películas, todo acontece máis a présa  
nas películas, nada acontece tan á présa  
aquí, sobre esta pedra, hai un lugar  
aquí, baixo esta pedra, hai un lugar  
isto que escribo é a gran falla de San Andrés  
isto que escribo é a grande Xericó  
unha estalactita está a piques de alcanzar a unha estalagmita  
unha actriz está a piques de bicar a unha actriz  
porque mil anos son aos teus ollos coma o día de onte, que pasou  
coma o día de mañá, que non pasou

escribo todo isto, obediente, pero en realidade imaxino a un home  
moi novo que chega portando a súa vida e unha pedra na man.  
Con esa pedra golpea a súa cabeza unha e outra vez ata que o  
sangue resécalle no borde do tempo. Eu tiña medo, pero non facía  
falla o medo. Nas películas todo acontece máis á présa. Nas  
películas todo acontece a cámara lenta.  
Ese home novo cae enriba do que dirán de seguido.  
Está caendo. Cae.

Alí, sobre esa pedra.  
Alí, baixo esa pedra.

O solponse.  
O solponse agora

quería

respiración

dentro

deste

texto

Ti.

Co teu pasado en forma de signos suspensivos de neuronas,  
aromas, néboa.

Ti. Sentado ou de pe. Muller ou varón. Serio. Sorrindo. Recén  
comida ou con fame. Escoitando as bucinas dos carros na rúa ou a  
Stravinsky. Traballadora por conta allea. Propia. Amante dos  
arácnidos ou dunha china chamada Li que mestura o chop-suey no  
restaurante Shanghai .

Ti. Humanoide. Sen dúbida.

Chéirote.

Esa calor na man. Ese pulso. O alento intermitente. Ese pelo capaz  
de se ourizar sen que o controles. A iugular. A pupila dilatada sen  
que o saibas. O teu cheiro, que no antigo Xapón comparaban a  
manteiga rancia. A suor seguindo a canle dunha medula. Unha  
medula.

O tremor desa medula cando a percorren emocións a cegas. Na  
escuridade medular que resplandece.

Esas células invisíbeis fabricando pel, pulmóns, linfa, argumentos  
que soan razoábeis.

Argumentos a contraluz do conformismo, o cal sobrelevas con  
impaciencia.

Impaciencia que che fai engurrar o ceño. "Onde é que me arrastra  
a sintaxe de todas estas frases? Non é esto un poemario, un  
inventario, un artefacto de cultura?"

Ti. Que esperas disto? De min?

Por que o fas?

Eu. Que penso darche?

Neste intre somos dúas criaturas que se ollan en fite, perplexas.

Por riba de nós, un sistema solar.  
Por baixo, petróleo, prata, gas.

No medio, en tempos dispostos ao chou, en secuencias numéricas  
insubornabelmente infinitas, en biomecánicas que mimetizan  
formas animais... no medio, nós.

Ti a un lado. Idade? Século? Intencións? Descoñecidas

Eu ao outro.

Unha criatura entregada á biomecánica que escribe esta liña nun  
ordenador. Unha monstra que descre da pureza e che entrega  
híbridos. Textos con dúas cabezas. *Imitación á vida*. Para rozar  
algo similar a unha burda eternidade.  
Unha eternidade de papel.  
Nin de pedra. Nin de tesoura.  
De papel.

01010101111000

## LISTA DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS NAS QUE CYBORGS, HÍBRIDOS OU SEREAS PENSAN CANDO NAMORAN DUN MORTAL

A do comportamento das aves migratorias  
*hainas que non volven*

A do crecemento dunha duna nunha praia  
*o crecemento e o seu impertinente desafío á lei da gravidade*

A da expansión dun virus  
*que nos protexan da pureza!*

A do tempo no que cicatrizan as feridas  
*unha vez sucada a súa succulencia*

A dos nosos movementos ao longo dunha noite de varias horas  
A da nosa obscenidade que nos permite pensar no cosmos e non  
na fame  
A da relación de coordenadas entre unha mesma e a copia dunha  
mesma  
*quen di isto: a xenuína, a plaxio?*

A das proporcións aéreas que rexen o teu corpo ata impedirnos  
rexer  
A da cantidade exacta de droga que debemos subministrarnos ata  
certos esquezos  
A do grosor do fío da espada pendurada sobre as nosas tenras  
cabeciñas  
A do diámetro que abrangue a nosa meniña cando entras ti  
A do tempo que transcorrerá ata que alguén pase de novo a vista  
por esta liña  
A da velocidade e a gula dos teus ollos sobre esta liña  
A da inclinación das nosas medulas dentro dun beixo  
A da nosa posición respecto á galaxia xemelga, Andrómeda  
A da curvatura do ovo

A da curvatura do ovo cando escacha entre as nosas mans de androide

A da magnitude e composición da épica en toda a nosa historia

A da curvatura do ovo que fende nas nosas mans da androide cando se aproxima o teu nome nunha lista de nomes, cando chega o teu nome mutado de cifras, de fórmulas que repetimos arañando este texto, porque épica é abrirse paso cara o que nos ten de antemán vencido, contra o que mata e queima e arrastra e ilumina

coa fórmula do tempo no que cicatrizan as feridas baixo cada un dos dedos que non volven acariciarte nunca

nunca

*nunca*



## LISTA DE DATOS OBSERVÁBEIS: HUMANOS

Suxeitos a observación. Fantasean con torturas.

*Fas que queira amarrarte a unha cama e beberme unha botella de viño moi de vagar mentres te contemplo*

Únicos no reino animal en se preguntar por eles mesmos

*Por que teño que reinar?*

Únicos en se crer únicos

*Hai outros mundos... pero están neste*

Tendencia a vertebrar a súa medula en torno a outro dorso

*Os meus pezóns toman a forma da túa boca*

Tendencia a correr cando chove

*Corre. Corre. Corre. Non deixes de correr*

Tendencia a autodestruírse por harmonizar co cosmos

Tendencia a repelerse para facerse un sitio

Tendencia a culpase de secas e nebulosas

Graves tentacións de acoplarse aos demais

*A miña doce, pequena, lasciva Nora, fixen o que me dixeches, porquiña*

Graves tentacións de assimilar i expulsar o mundo mediante palabras

*Toda a desdita da miña vida provén das cartas ou da posibilidade de escribilas*

Graves tentacións de ser invisíbeis

de hibridarse

de violarse

de mutarse

de untarse de brea e plumas

de estar aquí agora que xa non están

neste anaco de papel que, con cobiza, estarás lendo

neste outro eu que -qué ironía- posuirás.

Ambición de fabricar vida

*Ti fuches formado o máis perfectamente posíbel... Pero non para durar*

Suxeitos a observación. Ambición de ser terrestres.

De quedaren para sempre.

De duplicarse coma pingas de auga.

E de chover sobre esta Terra con obscenidade.

Glaciais.

Bastardos.

Escravos de galaxias e de hormonas.

Eles...

Os que me fan dicir isto a min...

Os que me estremecen...

Nota: os textos en cursiva pertencen a I.B., X. C. Mejuto, P. Éluard, E. E., J. Joyce, F. Kafka, Tyrell en *Blade runner*

Extracto do Informe SUGAR BLUES de Opia Z7 sobre as actividades adictivas dos homo sapiens

notas á marxe:

*Son raros estes humanos. Como puiden namorar deles?*

*Investigar sobre a casa italiana Dolci preziosi*

*Experimentación en circuitos propios do síndrome chamado pola ciencia Sugar blues*

## **BAZAR DE COUSAS HUMANAS DOCES OU ADICTIVAS COMA O LENDARIO SUKKAR**

Besbellar na noite

O tacto de certa louza gastada

Seguir durmindo e obviar as obrigas da rutina que nos domeñan ante a comunidade. Ruído de chuvia amoreada fóra

Un lugar debilmente iluminado

Chimpancés que non fan caso aos adestradores

A nana de Dumbo

Notar unha ollada insistente

A imaxinaria voz de Sherezade

Ionkis perdidos en cidades moi grandes

O colo dunha muller nun orgasmo

Libélulas dentro dunha caixa vermella Nestlé

O rostro da Emperatriz Infantil

Xantar de aroma hindú

Eses remuíños de música de Mahler

Esas caixiñas de música desafinada

Eses *culebróns* venezolanos

Imaxinar paleolíticos pintando unha cova

Imaxinar paleolíticos apareándose por min

Unha nena xogando ante un espello

Mel que non dá caído dos seus beizos

“Considerando en frío, imparcialmente”

Amencer cada día, cada día, cunha mensaxe súa

As derradeiras folerpas dunha nevada

Os sanguinolentos contos rusos da Babá Iagá

As primeiras folerpas dunha nevada

Michos malvados  
Os peiteados das fotografías dos nosos devanceiros  
Descubrir a alguén mentindo por outro  
Malta "Polar"  
Podrecemento de flor en tumba de heroe épico  
Anarquistas sentados baixo unha pintada  
O teu sorriso cando les isto  
Ese sabor masculino que algúns din agre  
A prostituta *Angelene* de PJ Harvey  
Deixarse morrer coas veas abertas  
Opiáceos  
Safo  
O *sugar blues* cando é domingo e noite e non hai mensaxe súa

O docísimo nome do teu nome

A docísima escravitude das pulsións  
A docísima frialdade das galaxias

## LISTA DE COUSAS QUE ME PROMETÍN FACER

*(homenaxe a María Mariño)*

Prometinme ser unha e prometinme ser dúas  
*estás dentro do meu texto, pero non dentro da miña vida*

Prometinme ser o caber dun mundo, calquera, que non soubese  
*porque nós, os seres, miramos o universo como querendo caber nel*

Prometinme deslizar neste poema o teu obxecto mariño  
sen preocuparme en lembrarte, María,  
sen teimar en lembrarte, María  
porque non te lembro

Prometinme non revelar cal das miñas partes é metal  
*cal dos meus ollos de linda cosmonauta*

Prometinme non revelar que es un recordo enxerto  
*que non te lembro, María, nin a curva da túa boca*

Prometinme ser eu quen te anainase neste verso  
prometinme tantas cousas, María, e todas  
todas  
ser saber a unha da outra, nada máis portando eu a túa palabra  
no peto

## **BAZAR DE OBXECTOS TERRESTRES**

### **I**

Algunha vez fomos Panxea.

Aínda que hoxe a deriva nos teña convertido en Continentes

## II

Relación de páxinas de investigación da Rede Temática de Ciencias da Terra de España

ANTÁRTIDA  
BLOQUES DE XEO  
MEGACRYOMETEORS  
XEOLOXÍA PLANETARIA  
METEORITO DE RELIEGOS  
ROCHA DE GETAFE  
XEOLOXÍA MARIÑA  
XACEMENTOS MINERAIS DO YUCATÁN  
MINERAIS COLTAN  
JAROSITA  
ICGP-UNESCO  
ERICA

As listas son misteriosas. Amosan a inxenuidade de intentar acaparar o mundo que as rodea. Son instantáneas: nunca captarán a esencia toda dun momento, o arrecendo, o tacto, o son... pero xogan co encanto da conxelación do mundo. Conxelar unha imaxe é un truco audiovisual que nos permite (como a deuses que asisten a unha representación humana) deleitarnos no intre, no detalle. No fuxidío. No banal.

Conxelei esa lista de páxinas que aparece en Internet acerca da Terra.

E falo da

### **Terra**

A cousa que pisas.

Esa especie de multiorganismo dotado dunha intelixencia capaz de te extinguir.

O que mastigaban mulleres do século XV con devota e pálida tez.

Nenos i embarazadas. Comendo terra.

O acre xeito de morder o pó.

O gosto metálico da terra. Terra.

A padas de terra sucédese unha era tras outra.

Estratos para contar o tempo.  
O cranio dun neno que foi arrebatado por un ave  
hai dous millóns de anos. Na terra. Na terra as pegadas do coche  
que acaba de arrincar deixándote soa. Nunha paraxe que cheira a  
terra,  
tan fortemente  
que non podes nin sospirar  
finxir que nadas  
prender lumieiras.  
Terceiro planeta visto dende o sol. Nin sequera arde. Nin é o  
primeiro. Nin o último, que tamén é un xeito de saír do grupo.  
Terra ten o estatuto inamovíbel da Realidade.  
Subirás moi alto.  
Regresarás a ela nunha aceleración constante.  
Fará un leito para ti. Un socalco. Un rego. Unha relva.  
Aleitará os teus fillos con lava.  
Basalto.  
Ira.  
A terra roxa de Tara.  
Esta terra é miña.  
Herdarás a terra.  
Terra e liberdade.  
A terra vista dende o ceo.  
Os Sen Terra.  
Coller un anaco de barro e dicirlle "Ti serás xente".  
A terra removida para sementar a vida.  
Para sementar aos mortos.  
As cerdeiras, os carballos, o uz. Abríndose paso.  
As vetas de prata.

Pegadas que miramos perplexos.  
No centro da terra.  
Océanos resecos.  
Cerámicas perdidas.  
Patacas sucias.

E alí arriba Sirio.  
Rindo da nosa manía de andar cabizbaixos,  
as mans nos petos,  
dándolle patadas a un meteorito.



### III

*Os minerais son os compoñentes fundamentais da Terra desde a  
cortiza ata o núcleo  
Volven medrar especies espontáneas, pero é moi difícil que se  
volva ao bioma orixinario  
A biosfera é, pois, o marco dunha continua circulación de materia  
percorrida por un fluxo de enerxía  
A unión coas terras emerxidas está constituída pola plataforma e o  
talude continental  
Gondwana escíndese; aparecen os primeiros mamíferos  
A taiga é a formación vexetal máis vasta do mundo*

É posíbel saber todo iso  
É posíbel. Mesmo tranquilizador

O teu nome  
O rostro que terán as fillas dos meus fillos  
O meu rostro aos 7 anos  
O meu aceno cando ti leas esta liña  
O teu aceno cando eu deixe de escribila  
A forma da nube que vin por primeira vez  
O que dirá tanto marciano de nós  
E cómo será esa vida cibernética ou non húmida  
A terra da que proceden os meus antecesores, o nome segredo  
desa terra que se leva incrustada coma esmeralda no código  
xenético, canda á barbarie, a promiscuidade e a ironía...  
Todo iso seino a penas

É de mal gusto sabelo todo na terra  
É de mal gusto dicilo todo nun poema

[...]

(...)

Por aquela época, o papel abandonou o rol hexemónico de canle da comunicación a distancia.

Unha vida son conversas, conversas iniciadas, deixadas á metade, acaloradas, frívolas, sedutoras, para facer tempo, para esprimir a linguaxe e retorcela coma un trapo, xogar con ela, fabricar idiolectos, contos e chistes privados.

Foron rexistradas moitas conversas. Ao azar sobreviviron estas. Fósiles semihumanos.

*Hermes, Mercurio, Nibiru* son os alcumes dalgúns mensaxeiros divinos en mitoloxías máis ou menos diversas. Os nomes dos interlocutores destes fragmentos. Fragmentos que non empezan onde se espera que empecen nin rematan onde deberían... Mutacións.

Desculpen a insolencia de sintetizar, con elas, un pouco de vida. E, alén diso, morbosamente allea

## MERCURIO “Mercurio”

Mercurio estalle invitando a iniciar visualizando a cámara Web. Desexa Aceptar (Alt+C) ou Rexeitar (Alt+D) a invitación?

Aceptou a invitación para iniciar visualizando a cámara Web

E di:  
poderías facer un aceno dos teus, mover as orellas, alzar as cellas, non sei...

Mercurio di:

**a ver, qué aceno**

E di:

oh, un tímido sorriso

E di:

oh, un coelliño movendo as orellas

Mercurio di:

**nótase o das miñas orellas¿?**

E di:

il movetore degli orelli del chirco italiano!!! [sic]

Mercurio di:

**il movimento terribile [sic]**

Mercurio di:

**oes**

Mercurio di:

**cando me invitarás a durmir?**

E di:

a durmir?

Mercurio di:

**sip**

Mercurio di:

**ou ao que queiras**

E di:

mmmmm. espera que

consulte o meu libro de citas: o luns, o embaixador de Parsimonia, o martes, o sultán de Oligofrenia...

Mercurio di:

**o mércores, Rachís**

Mercurio di:

**o do conto das mile e unha**

E di:

jajajaja, ese

Mercurio di:

**jajajajajaja**

Mercurio di:

**tes que rir con fundamento**

E di:

mércores, o relacións públicas de Mango

E di:

xoves, o beduíno da ventosidade

E di:

venres, saimon laif, o dos timbais...

Mercurio di:

**ufff**

Mercurio di:

**ese si que é un macho**

E di:

sábado, un psicólogo hipnotizador que me faga esquecer a noite do venres

Mercurio di:

**bueno, pois**

E di:

pois terás que vir o domingo

Mercurio di:

**non**

Mercurio di:

**eu non me conformo coas farangullas**

E di:

se por min fose durmiría sempre na singularidade matemática que forman o teu brazo e o teu peito esquerdo

E di:

unha vez pregunteicho,  
lembras?  
E di:  
como se fai para vivir aquí?  
E di:  
e ti dixéchesme: ah iso é só  
para elixidos  
Mercurio di:  
**bueno...sentiríaste elixida,  
non?**  
E di:  
eu tamén elixinte a ti  
non me gusta sentirme só  
elixida. Tamén electora  
Mercurio di:  
**ei!!!**  
Mercurio di:  
**non vaias agarrar máis  
palabras cunha pinza**  
E di:  
(qué pinza, a que me roubas  
sempre do pelo?)  
Mercurio di:  
**si**  
Mercurio di:  
**jajaja**  
E di:  
por iso róubasma. Para que  
non colla as túas palabras  
con ela  
Mercurio di:  
**mmm...podo darche un  
bico de 5 min só?**  
Mercurio di:  
**logo marchó?**  
E di:  
un bico de 5 minutos con  
sabor a dentista?  
cambiáronme un empaste de  
mercurio  
E di:  
se queres un pouco mercurio  
E di:  
din que é moi san para  
morrerse  
E di:  
avísame cando remates e  
baixo ao portal

Mercurio di:  
**si**  
Mercurio di:  
**quero un bico de mercurio**  
Mercurio di:  
**mmm...parecerache  
estremo**  
Mercurio di:  
**pero no hai nada máis  
conmovedor que unha  
parella que morre da  
mesma causa**  
Mercurio di:  
**vou para alá**  
E di:  
vale, baixo un intre  
Mercurio di:  
**fágoche unha perdida?**  
E di:  
si

I deixou de ver imaxes da  
cámara Web con vostede.

E di:  
oxalá puidese gardar esta  
imaxe túa nalgún lugar que  
non sexa a memoria

Non se puido entregar a  
mensaxe seguinte a todos os  
destinatarios:

*oxalá puidese gardar esta  
imaxe túa nalgún lugar que  
non se...*

## HERMES 1 "Síndrome"

E di:

ah, magritte?

Hermes di:

**sip, mórame moito o  
cadro ese de magritte**

E di:

é unha boa imaxe para  
metaforizar o que é falar polo  
messenger e por internet en  
xeral

E di:

que fas?

E di:

(se se pode saber, claro, que  
aquí podemos mentir o que  
nos pete, somos como os do  
cadro)

Hermes di:

**acabo de voltar a madrid**

Hermes di:

**poñéndome ó día, vendo o  
correo...**

E di:

xa

Hermes di:

**jajajajajaja**

Hermes di:

**non, é certo,  
desgrazadamente estou  
en madrid**

Hermes di:

**snifffff**

E di:

desgrazadamente?

E di:

síndrome dalgún tipo?  
abstinencia, china,  
estocolmo, dióxenes?

Hermes di:

**non sei cómo se lle chama  
a isto**

## HERMES 2 " Walkie Tokio"

E di:

a do messenger é foto de  
tokio la nuit?

Hermes di:

**efectivamente**

Hermes di:

**mira, unhas lolitas góticas**

Hermes di:

**tribo masiva no barrio de  
shibuya**

E di:

dios, son xeniais!! parece  
que saen dunha peli de  
época pero con actores  
confundidos

Hermes di:

**bueno, si levan un rolo  
raro**

Hermes di:

**mesturan imaxinería do  
XIX con rollito naïf e  
lolitismo**

E di:

nun par de anos, españa  
pragado diso

Hermes di:

**hmmm, non creo**

Hermes di:

**vai moito coa cultura xapo**

Hermes di:

**descontextualizan as  
cousas e tal**

Hermes di:

**en españa non trunfaría**

Hermes di:

**aquí non hai ese  
fetichismo manga, ou  
alomenos non ata ese  
punto**

E di:

haberao, haberao

Hermes di:

**esa foto é no teatro  
kabuki**

E di:

o cartaz da esquerda parece  
que rompe un chisco co  
clasicismo do kabuki, non?

E di:

kabuki do absurdo?

Hermes di:

**jajajajajajaja**

Hermes di:

**bueno, a representación  
que vin....**

Hermes di:

**...era bastante cómica**

E di:

ah

Hermes di:

**unha adaptación dunha  
obra de shakespeare**

Hermes di:

**que semellaba da comedia  
dell'arte**

E di:

xapón fixo moitírmo pola  
recuperación de shakespeare

E di:

é como se ao ver o que facía  
kurosawa os de aquí dixeran:  
"cómo? vén un xapo a  
dicirnos que shakespeare é  
xenial? claro que é xenial!  
coño!"

E di:

comedia de shakespeare?  
cal? a fera amestrada?

Hermes di:

**a noite 12 ou algo así, non  
me soaba**

E di:

ah, noite de reis

E di:

cambios de sexo

E di:

travestidos

Hermes di:

**si**

E di:

mulleres disfrazadas de  
homes e cousas así?

Hermes di:

**si,moi propio do kabuki,  
jaja**

E di:

bueno, claro, iso aínda faría  
máis graza alí: un home que  
fai de muller que se disfrazo  
de home

Hermes di:

**claro, jajaja**

E di:

sofisticación xapo

E di:

jajaja moi graciosas fotos

E di:

habería que ver se eles as  
sacan tan boas cando nos  
disparan coas súas fuji

Hermes di:

**bueno, eu fun facer  
xustiza poética**

Hermes di:

**arrasalos a fotos**



## AFRO (DITA) "Cogno"

Erro ao recibir o arquivo  
"Pint.JPG" de Afro(dita).

Afro(dita) di:

**non sei ónde cogno está  
esa foto...aí vou outra vez**

E di:

jaja

E di:

encántanme os teus "cognos"

E di:

é coma un coño con cognac

E di:

ou algunha bizarrada sexual  
polo estilo

E di:

oes, deume erro o teu  
arquivo

Afro(dita) di:

**xa**

Afro(dita) di:

**non sei por qué coGno**

E di:

ten tanto glamour iso de  
cogno

Afro(dita) di:

**jejeje**

E di:

moito máis que coño, que  
parece de carabanchel

E di:

cogno é como de kate moss,  
coco chanel...

Afro(dita) di:

**jajajajaja**

**Si. Esas teñen cogno**

Afro(dita) di:

**Pero dalgunha forma hei  
escribir egne**

E di:

dicía S. que un día lle  
escribiches: *déixote, que vou  
depilarme o cogno*

E di:

estivemos rindo a cachón

Afro(dita) di:

**aiiiii**

E di:

é a escusa perfecta: vou  
depilarme o cogno, carigno

E di:

ninguén pode negarse a tan  
nobre causa

E di:

Así que adoptámolo como  
escusa universal cando nos  
dean a lata

Afro(dita) di:

**jajajajajaja**

Afro(dita) di:

**claro.....e das boas.....  
Porque afeitarse os  
sobacos queda cutre**

E di:

pero depilarse o cogno...  
unha xa parece greta garbo  
dicindo iso

E di:

por certo, van depilarme o  
cogno cando teña o bebé

Afro(dita) di:

**eu aprendín a  
depilarmo...todo todo....**

E di:

fixeches algunha viaxe,  
despois do de thai?

Afro(dita) di:

**non, só a gijón a ver a  
miña familia**

Afro(dita) di:

**pero quero irme**

E com di:

onde?

Afro(dita) di:

**aínda que só sexa por  
unha fin de semana a ver  
a togno a hamburgo**

Afro(dita) di:

**en agosto estou  
planeando ir a escocia**

**cunha amiga**

Afro(dita) di:

**alugar un coche e rular un  
pouco**

Afro(dita) di:

**teño ganas de verte,  
sabes?**

E di:

embarazada ou  
desembarazada?

## NIBIRU 1 "Guións"

Nibiru di:

eu qué sei, as cousas que  
pasan non son coma os  
guións

Nibiru di:

anque empeñemos en  
lembralas ou en explicalas  
así

Nibiru di:

son e punto

Nibiru di:

pero xamais hai diálogos  
inesquecíbeis

NIBIRU 2 "O espello de  
Venus"

Nibiru di:

**se non, eu déixoche o  
pinacle, que está chupado**

E di:

cómo rirán os netos dos  
nosos artefactos, corsés e  
miriñaques informáticos

E di:

por certo, sabes por qué  
temos unha cruceciña no  
noso símbolo feminino?

Nibiru di:

**por qué?**

Nibiru di:

**pola que carregamos?**

E di:

jajaja

E di:

iso pregunteille eu ao  
xinecólogo que mo explicou

E di:

se era a nosa cruz

Nibiru di:

**e?**

E di:

pero non, non é por iso.  
adiviña.

cómo anunciarse nestas páxinas

## BAZAR

Escoiten. Hai tempo que sabemos que a publicidade é o uranio da creatividade. Creatividade. Esa palabra-holograma, que dá a ilusión de estar sen estar.

A creatividade, por suposto, non existe. Que cruce a páxina e loite comigo quen se atreva a desmentilo.

Existimos como meras reproducións ou copias. A reprografía é a gran arte do século XX: penso que non outra cousa quixo dicir Walter Warhol Benjamin.

De cando en vez, opera unha mutación. Se a mutación ten éxito, entón muda o sistema. Se non, a mutación enmudece. Así funciona a vida. Así funcionan as ideas.

O erros son a base da criación.

A publicidade traballa cunha premisa errónea (*se mercas isto, serás feliz*), pero manexa unha das linguaxes máis creativas que existen hoxendía, tanto visual como lingüística.

Non desprecen os anuncios.

Son a materia da que está feita a vida.

(E deixo isto para os cazadores de citas e intertexto, para que o desmembre coma carnaza namentres marchou asubiando un ledo *jingle*)

## NINTENDO

Camiñarás sobre a terra.

Empuñarás un peroné gastado.

Enfrontarás a monstros sobrehumanos, deuses, ñus, virus, meteoritos.

Un bico a tempo darache a vida.

Fabricarás moedas, kimonos, láser ou fundas dentais.

Propiciarás música. Asasinatos. Chorarás.

Levantarás un imperio con dez díxitos.  
Destruiralo só con un.

Serás campión de ping-pong, nun mundo no que o ping-pong é en realidade un deporte sublime.

Mirarás África coa nostalxia de todo homínido.

Lerás todo isto un pouco confusa. Sorrirás.

Nunca sairás  
dalgún programa escrito  
con varias ecuacións.

Serás idéntica a min. A ti. A todos.

E non.  
Dende logo que non.  
Non terás nome.

## NEANDERTHAL

*nunca vos quixen demasiado*

1856. Virchow, pai da patoloxía moderna, sostén que os restos do val de Neander pertencen a un cosaco mongol moi ceñudo, de aí a protuberancia no arco superciliar

*sotero os meus mortos. inclúo nos cálculos os que van nacer*  
o home da cova de Neander sería iso ou un antigo imbécil prehumano

*as augas do río reflicten o meu rostro pensativo*  
capacidade cranial: 1460 cm<sup>3</sup>

*tallo puntas agudas como a miña mente*  
máxima difusión: entre hai 120.000 e 35.000 anos

*de pequeno tiven unhas febres e vin cousas*  
ergueitos os homes alcanzaban 1'80 cms.

*aínda que non sei exactamente cal é meu pai, miña nai*  
*aleitoume*  
tremendamente fortes e robustos

*sei o que é o frío, o que é a calor, arriba e abaixo*  
descoñécese se utilizaban algún tipo de linguaxe; aínda que o cranio así parece indicalo, a forma da larinxe non

*os mortos danme moito medo e sei conxugar o pasado simple.*  
a maioría dos esqueletos neanderthais atopados presentan cicatrices curadas en vida

*os homos sapiens sapiens sodes uns listillos*  
a coexistencia de ámbolosdous grupos en Europa e Oriente Medio representa a última ocasión na que 2 especies de homínidos viviron simultaneamente

*un amigo meu montou a unha sapiens sapiens*  
usaban e dominaban o lume

*a muller morreu no parto pero o neno ten ollos de sapiens sapiens*  
morrían arredor dos 30



*se fito para el, gruñe coma os lobos*  
fabricaban utensilios e cazaban con lanzas

*cando termine de tallar esta pedra matarei un cervo para el*  
restos de neanderthais: Amud, Kiik-Koba, Monte Circeo, Val de Neander, Shanidar, Chapelle-aux-Saints, Cova Negra

*gústame ver o futuro co neno sapiens*  
Erik Trinkaus considera que probabelmente haxa xenes de neanderthal na actual poboación europea

*non semella que vaia acontecer nada terríbel sobre a terra.*  
*Agora levantouse o vento, pero a noite vai moi tranquila*

## RENFE

imos cara onde non se pregunta  
partimos de calquera lugar  
vemos un oco de estrelas polo que se nos vai a vida  
(aquí vén algo que non comprendo, que non descifro a vida)  
alguén arríncanos o billete a trabadas

*es ti, meu amor?*

as paisaxes simplemente suceden, os rostros amados,  
esquecidos, vistos unha vez na vida na estación de tren de  
Santiago

estiven noutro lugar e seino

*eras ti, meu ben?*

puxen a cabeza contra as vías para sentir o latexo do home  
todo é coma un filme demasiado lento, demasiado morno  
as follas das flores novas cómo fan chorar de lentitude  
cómo o uz fabricase con arterias depositadas  
na beira dos cascallos, nos raís

*serás ti, acaso ti?*

(aquí garda un silencio. É de mal gusto dicilo todo nun poema. É  
de mal gusto dicilo todo na vida. Contempla o seu destino desde  
estes cristais. Pero non quere dicilo todo. Imos cara onde non se  
pregunta. Levamos séculos preguntando sen preguntar)

queremos ser os puntos suspensivos o que non termina de  
darse nunca nunca  
o tren que nunca chega ata esta páxina que fala dun tren  
ficamos coma neve a piques de caer coma guerreiros que  
suspenden o golpe da súa espada  
ficamos  
e serás ti, acaso ti

serás meu amor

o limpo infinito

a materia estelar que move os meus ollos

a alta cadencia do tren que marcha do tren que volve do tren  
que

marcha  
Do tren que volve

*Para a revista Salamandria sobre Tren, 2006*

## O MEU INÉDITO PREFERIDO

de todos os meus poemas inéditos  
este é o meu preferido  
este, que non di nada,  
que se aproxima á estupidez

cando ti o les  
eu sento no trono máis leve do mundo  
estamos unidos por unha pisca de herba  
por unha manchiña no papel

estamos unidos por un capricho na sucesión do tempo  
porque ti non viviches antes ca min  
eu podo dicilo

unidos como a palabra *lazaward* e a palabra *azul*  
como a vítima ao seu verdugo

algo tan tenue entre os dous  
que nin sequera sei se existe  
o meu inédito preferido

nin volverei falar do tema

*Para a revista Salamandria sobre Azul Mediterráneo, 2005*

## LOUISE

O que hai debaixo do pelo de Louise Brooks é fascinante, non credes?

*encantaríame tocarte*

Ese candor astronauta dos que xa non existen e tiveron a fama suxeita polas solapas  
eu cumpría 20 anos, meu irmán dixo: *toma*  
era Louise Brooks

*tanto acadar a túa gracia ignorante  
como meterche a lingua por debaixo deste texto*

entramos neste século chamando ás cousas por outro nome  
só sabemos imitar o teu pelo adolescente

*Louise Brooks*  
Louise Brooks,

a túa cabeza soa nun espacio moi cheo de nada  
    fai-me dicir isto  
a bágoas tan finas,  
tan finas, Louise, como para raparte ao cero i empezar unha  
conta longa indómita  
cos meus cabelos orientados carnivoramente ao infinito

Para a revista *Salamandria* sobre O pelo, 2004

## DI

ela di: é tarde

ela di: é máis tarde aínda

ela di: achégate

ela di: en branco por esta noite escura

ela di: pasa a túa lingua unha soa vez pola palabra que me fixo retorcerme

ela di: e non existe antídoto, se non quero curarme

ela di: cómeme

ela di: bebeme

ela di: a condición física é extrema

ela di: non sei que farei contigo

ela di: non te movas

ela di: non te movas agora

ela di: foi un microcosmos o noso, delicado coma a crisálida

ela di: violento e mudo coma un universo

ela di: *estás dentro do meu texto, pero non dentro da miña vida*

ela di: este poema non me curará de ler poemas

ela di: xamais me recomporei de ter escrito isto

ela di: xamais me recomporei de ter durmido ao teu carón

ela di: xamais me recomporei de non saber quen es

ti dis:

## POSTERIDADE

entre outras moitas cousas  
debería deixar por escrito que fun feliz  
que non reneguei da miña terra porque nunca enraicei nela  
nin tiven necesidade de ser obvia para durar

entre outras moitas cousas

se tivese claro que os meus recordos son meus  
que a nena das fotos é a mesma que entrenza estas frases  
e que todos eses seres que vós sodes  
son os que ameí  
arremuiñando coma iones  
preñando as tempestades

esas tempestades que abruman e golpean aos humanos

a cuxa raza pertencín

# unha dedicatoria final

Nunca faría un texto sen eles. Terían que amordazarme, logo de terme arrincado a lingua cun coitelo infectado. Terían que abrimme o cerebro polo sitio preciso das palabras onde eles viven coma larvas e, con coidado, aplicar o escalpelo. E seccionar. E mesmo así persistirían lugares dentro de min, no meu cerebro [o meu universo coñecido ] de onde emerxerían eles. Todos eles. E a mutilación tería sido en van.

\_Falas de min, acaso?

Si, claro. Falo de ti. Por todas as historias que nin sequera cheguei a propoñerche, e que queredría ter contado, de ter sido eu unha verdadeira escritora.

\_Historias? Cales historias?

A historia de **Yare**, por exemplo. Ou a de **Emilia**. A historia de **Guillermo**. A de **Guillermo Julián**. A de **Irving**. A de **Inés**. E tamén a de **Sandra**, e a de **Susana**, e a de **Vita**, e a de **Carolina**, e a de **María**....

\_Xa intentaches contarme a historia de María

Non, non esa, senón outra María. En realidade dúas, ou tres. Coñezo moitas marías con historia. Hai unha que é unha **especie de xemelga**; outra que vive no blog do **Lado**.

\_Algunha máis?

Pois ocórreseme a historia de **Bea**. A de **Samuel**, claro. A de **Luis**, a de **David**, a de **Alberto**, a de **Bruno**. A historia de **Lois**. A de **Michi**, un gato que coñecín e non posuín, porque nunca se posúe un gato. A de **Aarón** e **Raúl**. A de **Emma**. A de **Mariña**, a de **Gabriela**. A de **Iván**. A do **Alto**. A de **Viti**. A de **Rubém**. A da **Higinia**. A de **Isabel** e **Eva**. A de **Bettina**. A dos **Salamandrios Gavieros**. A de **Alfonso** e a de **Mario**. Tamén a de **Andrés**. Tamén a de **Gari**. A de **Pablo** e a de **Branda**. E a de **Estefanía**.

\_Estou mareando. Levaríame unha vida saber de cada un deles.

Si, claro. Unha vida. A miña.

\_Teño curiosidade por saber qué me contarías nesas historias.

Pois que eu transcurro con todos eles nalgún lugar, pero non sei cal con exactitude. Que para eles pediría os mellores zumes, as mellores roupas. Que para eles traería danzarinas do **leste** do mundo, e as historias máis maravillosas do **oeste** do mundo. Para telos xunto a min no hemisferio **norte** e no



hemisferio **sur**. No **dereito** e no **esquerdo**.

*\_E iso é todo?*

Que para eles inventaría historias enteiras e non truncadas á metade. Faría ese esforzo se, a forza de cavilar, prolongase a súa estadía nesta terra un só instante. E a miña con eles. Eu tamén quero vivir namentres eles vivan porque a vida non me ten graza se falta mesmo que sexa un. E non me podo supoñer a aburrida existencia sen eles, noutro planeta, por exemplo, ou nunha praia deserta comendo ourizos de mar con desconsolo.

Para eles os mellores **zapatos**, as mellores **cereixas**. As de 7 euros o kilo. E **percebes** polos que arriscan o cu os percebeiros da cidade na que vivo.

Para eles as máis lindas **Sherezades**, collíns de raso. Entradas para todos os espectáculos. Viaxes en **globo**. **Circos** flotantes.

**Hologramas. Strippers. Esta man.** Estes pes fríos a perpetuidade. A miña voz cálida de anuncio. Para eles que están en todo e son en todo. Non tan cerca como para abafarme. Nin tan lonxe como para facerme sentir orfa. No punto milimétrico entre a que ergueu unha mañá sen coñecelos a todos e a que se deita hoxe

dando unha lista completa dos seus nomes.

Alugaría un **foguete** e poñeríao en órbita. Alugaría unha **fábrica de chocolate**, unha **destilería** e un **asador de polos**. Asaltaríamos un **tren** en marcha. Roubaríamos **abrigos** e **perlas** e **tarxetas** de crédito e **máscaras** venecianas.

Nunca faría un texto no que eles non estivesen. E se algunha vez fixen algo, nese *algo* están.

Non hai palabra sobre a páxina que non conteña un aceno seu, un seu xeito de rir ou chamarme.

Que eu faga calquera cousa, inacabada, imperfecta, a eles contén.

As músicas máis inauditas para eles.

Non adoito dar abrazos. Pois os abrazos todos de dentro dos meus brazos.

As miñas palabras por inventar, os nosos sangues entrelazados nun encaixe de Camariñas, as miñas **ilusións ópticas** para eles.

Sen acabamento.

Para eles. Por tocarme algunha vez.

Porque me tocaron aquí.

Para todos eles...

## Estíbaliz...Espinosa



### biopsia

E podería ter nacido en Bruxas no 1497, mais agromou en 1974 na Coruña.

*"Se dixese de min un signo, diría puntos suspensivos"*

Publicou 3 libros individuais: *Pan (libro de ler e desler)* [2000], *-orama* [2002] e *número e* [2004, premio Espiral Maior 2001].  
Publicou 2 poemarios en volumes colectivos: *Mecánica Zeleste* (1998) e *Versos de Construcción* (1999) e

participou en moitas antoloxías, libros colectivos e revistas.

No campo da música traballa como cantante. Foi actriz de teatro.

Sospéitase un monstroso híbrido.

Ve películas de ciencia-ficción, le filosofía, come sushi, ten un fillo venezolano, canta en alemán e zulú, estudou ruso e leva roupa interior chinesa.

Non é global nin cre na orixinalidade.

Usa enxertos de memoria.

Pregúntase polo teu aspecto.

Como criatura mecánica vive no seguinte enderezo:

**[www.estibalizes.wordpress.com](http://www.estibalizes.wordpress.com)**

É B+. É carnívora. Tivo un gato. Mira ao chan cando camiña. Mira ao cosmos cando quere perderse.

Foto de Noemí Cubillo [www.noemicubillo.com](http://www.noemicubillo.com)